

BASES DOS BONOS

OBJECTO.

Os **BONOS MERCANOGROVE** intégranse no Plan de protección do tecido social e económico. O obxecto da convocatoria é reactivar os sectores comercial do Grove incentivando a compra de proximidade para a superación das adversidades ás que ten que facer fronte as pequenas empresas e o comercio local.

O Concello do Grove pon en marcha unha iniciativa consistente na emisión de bonos para o consumo nos negocios, establecementos comerciais, contando co compromiso e colaboración de toda a cidadanía para a revitalización da actividade económica local.

As bases reguladoras da iniciativa **BONOS MERCANOGROVE** son as seguintes:

PRIMEIRA. CONTÍA A APORTAR POLO CONCELLO

O Concello do Grove aportara inicialmente, sen prexuízo de ulterior ampliación, a cantidade de **20.000 euros** para a emisión dunha partida de 2.000€ **paquete de bonos por valor de 30 € c/u**, repartidos en dous “billetes por valor de 10 euros e outros dous por valor de 5 euros” (10+10+5+5). Deste xeito, asegúrase un investimento de 60.000 que recaeran directamente nos negocios, establecementos comerciais e locais de hostaleira de O Grove.

O custo de adquisición para os cidadáns será de **20€**, asumindo o concello unha cantidade equivalente a **10 euros por bono**.

O importe de cada bono debera gastarse nun único establecemento comercial.

SEGUNDA. DURACIÓN

O prazo para gastar os bonos desta primeira emisión, será **do 19 de setembro de 2022 ao 19 de decembro de 2022 ambos inclusive**.



TERCEIRA. SOLICITUDE E PROCESO DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA

Os establecementos interesados en participar, deberan cumprimentar e presentar na forma e prazo indicados na **BASE QUINTA** o documento de adhesión a campaña que estará a súa disposición na sede electrónica do Concello **concellodogrove.sedelectronica.gal** e na paxina web do Concello **www.concellodogrove.es**

Posteriormente, serán requiridos para aportar a documentación seguinte:

- Fotocopia do NIF/CIF.
- Certificado de alta no IAE.
- Ultimo recibo de autónomos de que se dispoña.
- Certificado de conta bancaria.
- Outra documentación: a organización reservase o dereito de solicitar calquera outro documento que considere necesario.

CUARTA. FORMA DE PRESENTACIÓN E PRAZO DA SOLICITUDE

Forma: A solicitude de participación presentarase a través da Sede electrónica do Concello do Grove (concellodogrove.sedelectronica.gal)

Prazo: o período de solicitude de adhesión a campaña por parte dos establecementos comerciais interesados comezara **o día 29 de agosto e rematará o 15 de setembro de 2022.**

Posteriormente, na web do Concello do Grove publicarase o listado con todos os participantes neste proxecto para facilitar aos usuarios a súa consulta.

QUINTA. OBRIGAS DO ESTABLECEMENTO ADHERIDO

A empresa adherida comprometése a:

- Aportar, en tempo e prazo, a documentación que lle sexa requirida dende o Concello



- Recibir e colocar os materiais informativos dos **BONOS MERCANO GROVE** nun lugar visible do establecemento. Dito material consistira:
 - Bases da iniciativa.
 - Cód. Validación: 3TN67WDAMRAD25RNKALP3XK27 | Corrección: <https://concellodogrove.sedelectronica.gal/>
 - Documento asinado electrónica mente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4
 - Carteis identificativos .
- Facer un uso responsable dos **BONOS** evitando o uso fraudulento dos mesmos.

SEXTA. CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓN DOS BONOS

- Un paquete de bonos por un valor total de 30 €, divido en 2 bonos de 5 € e 2 bonos de 10 € (10+10+5+5).
- Custo de adquisición do paquete de bonos para a cidadanía: 20 €.
- Aforro: 10 €.
- Nº de paquetes: 2.000.
- Se o importe da compra e inferior ao importe do bono, non se devolvera cambio algún en efectivo.
- Os bonos non son cambiabes por diñeiro en efectivo.
- No caso de que se produza unha devolución do produto, o establecemento debera emitir un vale polo importe integro da compra, non sendo posible a devolución de diñeiro en efectivo.
- Numero máximo de 2 paquetes de bonos por Nº de telefono.
- Cada No de telefono estará vinculado a unha conta de e-mail.
- Os bonos poderán acumularse ata un máximo de 60 €.
- Data limite de uso dos bonos: 6 de xuño de 2021.
- A adquisición dos bonos realizarase a través da plataforma dixital habilitada a tal efecto. No seu caso, nos termos do artigo 13 da Lei 39/2015 de PACAP relativo aos dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións publicas, o Concello de O Grove prestara asistencia personalizada no uso dos medios electrónicos, para a adquisición dos



bonos, as persoas que a precisen. Dita asistencia prestarase nas instalacións municipais que se determinen.

SÉTIMA. PROCEDEMENTO DE TROCO DOS BONOS POR PARTE

DOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS

Os establecementos participantes, poderán trocar os bonos, na forma e prazos que se determinen no convenio coa Asociación de Empresarios Grovenses de Bens e Servizos (EMGROBES).

Os locais participantes deberán facilitar a Asociación de Empresarios Grovenses de Bens e Servizos (EMGROBES) o tícket ou factura do gasto correspondente, vinculado ó bono estando correctamente validado, na mesma data e hora do tícket ou factura.

A Asociación procedera ao aboamento das cantidades correspondentes a cada establecemento, mediante transferencia bancaria, que se realizara semanalmente, na conta bancaria facilitada polo establecemento participante, sempre contando coa asignación económica por adiantado polo Concello.

Non se abonaran bonos falsificados, rotos, deteriorados ou presentados a partir da data limite da súa liquidación.

O CONCELLO RESÉRVASE O DEREITO DE APARTAR PARA FUTURAS CONVOCATORIAS E DENEGAR A LIQUIDACIÓN DOS BONOS A AQUELES COMERCIANTES NOS QUE SE DETECTE UN USO FRAUDULENTO E LUCRATIVO DA CAMPAÑA.

